

PASO A PASO

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Encadernado en cartón. 22 x 27,5 cm. 32 páx. 16 €.

MEDALLA DE HONOR CALDECOTT (1961)

PREMIO NEW YORK TIMES AO MELLOR LIBRO ILUSTRADO

Paso a paso (galego)

ISBN 978-84-8464-378-4. Tras os montes.

Paso a paso (castelán)

ISBN 978-84-8464-379-1. Clásicos contemporáneos.

Pam a pam (catalán)

ISBN 978-84-16804-48-1. Clàssics contemporanis.

Arrarlk arra (eúscaro)

ISBN 978-84-9172-043-0. Gaur egungo klasikoak.

Pé ante pé (portugués)

ISBN 978-989-749-101-6. Clássicos contemporâneos.

Un bo día, un paporrubio famento viu unha eiruga

de cor verde esmeralda, pousada nunha poliña.

E cando estaba a piques de papala...

–Non me comas. Son unha eiruga. Son moi útil.

Mido cousas –dixo ela...

“Paso a paso”, un clásico de Leo Lionni de 1960, foi o seu primeiro libro de fábulas, protagonizado por unha astuta eiruga que se enxeñou para non ser devorada por diversas aves.

As peripecias comezan cun paporrubio que sucumbe ante a curiosidade de saber cantos pasos mide a súa cola.

Así é como este ocorrente insecto irá medindo o pescozo do flamengo, o peteiro do tucano e outras partes non menos singulares na anatomía dos paxaros que van aparecendo na historia. Ata que unha vez máis, en risco de ser engulido, o verme volverá sacar partido da súa intelixencia e imaxinación para saír airoso dun xeito que sorprenderá os lectores.

Este libro, que gañou a primeira das catro medallas Caldecott recibidas por Leo Lionni ao longo da súa traxectoria, destaca por expoñer a dicotomía entre o material e o intanxible, o cuantificable e o incommensurable. “*Aínda que non ten lección explícita, invita a buscar significado*”, afirmou o autor desta obra de texto sinxelo, formato dialogado e fondo calado simbólico.

A natureza, a flora coa súa ampla gama de tons verdes e o fermoso colorido da fauna representada, son calidades que Leo Lionni seguiu desenvolvendo en libros posteriores. Tamén a técnica do collage -con figuras resaltadas sobre fondo branco- e a equilibrada composición de cada páxina, convertéronse nas súas marcas de identidade plástica.

Paso a paso

Leo Lionni



■ **Temática:** intelixencia, astucia e imaxinación.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos; natureza, fauna e flora; tamaños, medidas; collage; do autor de “Álex e o rato de corda”, “Frederick”, “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo”, “Nadarín”, “O soño de Matías”, “A casa máis grande do mundo”, “Números” e “Cores” (Kalandraka).

Leo Lionni

(Amsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: “*Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia*”. O seu primeiro libro para nenos non chegou a 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréllese entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo”, ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

